

XULLO - AGOSTO - SETEMBRO DE 2019

Abracadabra Nº 43

CAMPAMENTOS DE VERÁN

PASATEMPOS:
CHISTES, CANCIÓNS ...

GALERÍA DE FOTOS

LECTURAS PARA O VERÁN

QUE HAI DE NOVO ...?



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

Campamento de verán... alá vou!!!

Bañador, lentes de mergullo, crema solar, calzado de montaña,... Ah!!! Ola!!! Levades moito tempo aí? Perdoade se vos fixen esperar. Tiña o meu cerebro totalmente concentrado facendo a maleta porque... Marcho de campamento de verán!!! Vós tamén ides? Xenial!!! Quen sabe... tal vez coincidamos...

A verdade, paréceme un inventazo isto dos campamentos. O outro día, estaba a cavilar niso e deume por preguntar a quen se lle ocorrería, así que me puxen a investigar un pouco sobre este asunto. Non tedes curiosidade?... Xa me parecía a min... Pois tranquilos que agora vos conto:

Segundo as miñas pescudas, foi Walter Bion, un pastor evanxélico dos Alpes Suízos, o pioneiro nisto dos campamentos. Así, en 1861, levou a 10 mestres e 68 nenos, de familias pobres da cidade, ao cantón de Appencell para que, durante dúas semanas, gozasen do campo, respirasen aire puro e comesen ben. A iniciativa foi todo un éxito, e así, en pouco tempo, toda Europa e América empezaron a programar as súas propias saídas.

En España tocou esperar un pouquiño máis, xa que non foi ata o 15 de agosto de 1887, cando, en Madrid, Manuel Bartolomeu Cossio xuntou a 2 mestres e a 18 nenos, de entre 9 e 13 anos, que vivían en ambientes urbanos adversos e tiñan diversas enfermidades, e levounos a San Vicente de la Barquera. Alí, lavábanse diariamente, mantiñan rutinas saudables, facían excursións e aprendían sobre diferentes temas. Ao cabo duns días os nenos melloraran a súa situación física, o que demostraba o beneficiosos que eran para os nenos e nenas. Desta maneira, as noticias espalláronse rapidamente e desenvóléronse "colonias escolares" en diferentes puntos de España: Granada, Barcelona, Santiago de Compostela, Palma de Mallorca e Valencia.

E foi así, como estas primeiras colonias ou campamentos, nacidas co obxectivo de aliviar a mala situación física dos máis cativos das clases urbanas desfavorecidas, co paso do tempo, remataron por converterse nos campamentos que coñecemos hoxe en día.

Ademais, desde hai relativamente poucos anos, estes campamentos fóronse diversificando, e hoxe existe unha variedade temática tan ampla que ata costa decidir cal escoller. Si, si. A min, este ano, custoume moitísimo decidir o campamento ao que quero ir. E, é que poste a mirar e atópaste con que hai:

- Campamentos musicais e de baile
- Campamentos multiaventura, nos que se realizan excursións á montaña e/ou á praia, roteiros de sendeirismo nos que aprendes a situarte e a empregar compases, circuitos de tirolinas e xincanas, padelsurf, kaiak,...
- Campamentos de ciencia e tecnoloxía
- Campamentos de idiomas. Os de inglés son dos máis solicitados, pero cada vez máis hai campamentos noutros idiomas como alemán ou francés.
- Campamentos deportivos, centrados nun deporte específico como campamentos de fútbol, baloncesto, ximnasia rítmica...
- Campamentos náuticos.
- Campamentos artísticos.
- Campamentos de cociña
- Campamentos ambientais nos que se programan roteiros de sendeirismo, avistamentos de aves, actividades de reciclaxe, aprendizaxe da fauna e flora,...

En fin, como vedes unha variedade enorme. E nin sequera podo asegurar que os puxera todos... Isto é moito para min!!!!...

Que? Ah!!! que cal escollín? Pois, despois de darlle moitas voltas, ao final, este ano, vou 15 días a un campamento multiaventura e outros 15 días a un campamento musical. Xa vos contarei.

Vós xa escollestes o voso? Pois a gozar do verán!!!


Vémonos no próximo número!!!

PASATEMPOS



CONSTELACIÓNS

Esta época e a mellor para gozar do ceo nocturno, así que aquí vos deixamos catro constelacións que poderedes atopar doadamente nas noites despexadas. Seríades capaces de unir cada constelación co seu nome?



OSA MAIOR

OSA MENOR

CASIOPEA

ORION

DÚBIDAS RAZOABLES

E agora que chega o verán e temos máis tempo para pensar, aquí vos deixamos algunhas dúbidas razoables para que non deixedes de darlle á materia gris estas vacacións.

- * Por que as ameixas negras son vermellas cando están verdes?
- * Se dúas irmás xemelgas casan con dous irmáns xemelgos, os seus fillos serán iguais?
- * Por que "separado" se escribe todo xunto e "todo xunto" se escribe separado?
- * Por que se chama á bota bota e á pelota pelota, sendo a pelota a que bota?
- * Por que o pato Donald sempre leva só unha camisa e cando sae da ducha ponse unha toalla atada na cintura?
- * Por que abreviatura é unha palabra tan longa?
- * Por que as pizzas se fan redondas, para metelas en caixas cadradas e cortalas en triángulo?

CANCIÓN

E como non podía faltar nunha revista sobre os campamentos de verán, aquí vos deixamos unha típica canción de campamento. Para que vaiades entoando:

Neno 1: "20 monos (o número de monos é o número de participantes) reunidos sentados en asemblea"
Todos: "UH UH AH AH UH UH AH UH UH AH AH UH UH AH"
Neno 1: "y ahí (sinála a un compañeiro) está el mono pelón que preside la reunión"
Todos: "UH UH AH AH UH UH AH UH UH AH AH UH UH AH"
Neno 1: "y promete" (gritando)
Todos: "¿Qué promete?" (gritando)
Neno 1: "y promete" (gritando máis)
Todos: "¿Qué promete?" (gritando máis)
Neno 1: "y promete" (gritando moito máis)
Todos: "¿Qué promete?" (gritando moito máis)
Neno 1: "aumentar los cacahuetes" (moi baixiño)
O compañeiro ao que sinalaran ao principio volve comezar a canción.

CHISTES

E, aquí está a sección que todos estabades agardando para rir a esgalla. Iso é, os chistes que nos fostes deixando ao longo destes meses:

Una vecina se encuentra con la madre de Jaimito y le pregunta:
-¿Qué tal Jaimito en las clases de natación?
La mamá de Jaimito le contesta: Por ahora, nada mal.

Entra una niña en la biblioteca y le dice al bibliotecario:
- No me acuerdo del título, pero empezaba con:
"Había una vez..."

En un campamento, el monitor pregunta:
-¿Alguien sabe por qué los pájaros cuando acaba el verano vuelan hacia el sur?
Un niño contesta:
-Porque caminando tardarían muchísimo.



Solución
4.OSA MENOR 3.OSA MAIOR 2.ORIÓN 1.CASIOPEA



GALERIA DE FOTOS



As gañadoras do VIII CONCURSO "140 en positivo": Marina, Celia e Ana... Parabens!!!
Participantes nos obradoiros de Robótica.... Esperámosvos no próximo curso!!!

LECTURAS PARA O VERÁN

DE 9 A 12 ANOS



Deseño: MaizCreativos



Safari / Maite Carranza.
Premio Edebé de Literatura Juvenil
2019)



Una visita de Transilvania
Anna Wilson.



Querido hijo : te vas con los abuelos
Jordi Sierra i Fabra.



Escarlatina, a coqueira defunta // Leticia Costas.

DE 12 A 15 ANOS



Super Sorda / Cece Bell.



El Gigante alucinante
David Walliams.



El Código indescifrable
Jennifer Chambliss Bertman.



Wolfgang
(extraordinario)
Laia Aguilar.

MÁS DE 15 ANOS




La Misión de Rox
Laura Gallego.



Un Lugar en el mundo
Katherine Marsh.



Blanco de tigre
Andrés Guerrero.



Los zorros del desierto
Pierdomenico Baccalario.

QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** Este verán, se tes de 7 a 14 anos, agardámoste nos **"OBRADOIROS DE PINTURA"** impartidos por Luisa Valdés. Son dunha semana de duración en horario de 11.00 a 13.00 h. Infórmate na biblioteca, na web ou chamando ao 981 080 171.

* **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tes máis de 15 anos e queres solicitar o préstamo dixital de libros, é moi sinxelo, só precisas un correo electrónico e un dispositivo compatible (ordenador persoal, teléfono móbil, tableta ou lector de libro electrónico) e poderás descargar contidos e ler en liña. **Infórmate na biblioteca.**

* **BONOLIBRO.** Parabéns a todos os que o conseguistes, agora podes gozar dun préstamo adicional de materiais da biblioteca.


* **HORARIO.** En verán tamén abrimos pola mañá e pola tarde, de 10.30 a 13.30 h e de 17.00 a 20.30 h. Sábados pechado.

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Blog: <http://bibliotecadicoruna.blogspot.com>

Fotos: www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna



Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña

Sección Infantil e Xuvenil

R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña. Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008